



IRIMIA

SEMANARIO DE CRENTE GALEGOS

Nº 133, 20 Maio 1984



A PENEIRA

A INJUSTICIA DOS EXAMENES

Chegan os exámenes e con eles os medos e preocupacións primeiro, e despois os desánimos ou as alegrías según o éxito ou fracaso; estos afectan non só ós estudantes, senón tamén ós pais, e en xeral, á familia, que dalgunha maneira "examinase" con eles: padecen os mesmos nervios, sinten os mesmos fracasos e alégranse cos mesmos triunfos.

Pero o peor que nos podería suceder sería facerlle demasiado caso ós exámenes. Unha cousa é aturalos e outra darlles a razón: crer que se suspendemos non sabemos ou non valem, ou crer que se aprobamos sabemos e valem. Pois non, a intelixencia non se mide polas notas dos exámenes, nin tampouco se mide o saber, aínda que así nolo queiran facer crer moitos mestres. Moitas veces os alumnos non aprenden realmente unha materia, e só aprenden a "facer exámenes" (meter na memoria moitos datos que a miúdo non entenden e que logo esquecerán), a estar tranquilos nas probas, a escribir con rapidez.

Cómpre que os alumnos e os pais a través das súas asociacións reclamen cada vez máis o sistema de avaliación continuada, de maneira que perdan importancia os exámenes. Pero na medida en que os exámenes deban continuar aínda hai que organizalos doutra maneira: que os alumnos teñan dereito a levar consigo libros e apuntes na maioría das materias, nas que o máis importante é saber se un alumno sabe documentarse sobre un tema e expoñelo.

Alerta coa angustia que provocan os exámenes. Nesta sociedade nosa tan escasa de empregos e tan competitiva, pódese cargar sobre os cativos medos e responsabilidades inxustas das que eles non teñen a culpa. ¿Será boa unha sociedade que xa desde a infancia desperta o medo ó fracaso a preocupación esaxerada polo futuro e o espírito de competencia? Que os pais estimulen o estudo si, pero non que torturen ós seus fillos por mandato dun sistema capitalista de competitividade pouco humano.




OS AFICIONADOS Á FOTOGRAFIA están invitados a participar no primeiro certamen ecolóxico que convoca a Asociación Cultural Guardesa co gallo do Día Mundial do Medio Ambiente a celebrar o próximo 5 de xuño. Podedes mandar as vosas fotos ó Apartado 47, A Guardia, Pontevedra.

O BREGGAN, equipo de baloncesto de Lugo, ven de voltar á división de honor. Este deporte está en alza. As canchas énchense por riba das súas cabidas. A tele ofreceunos estes datos: mentres a aceptación do deporte, na televisión por parte dos tele-espectadores é dun 6.9 por cento de media, o baloncesto supera esta media sempre e chegou a un 7,6.

ROUBOS, ATRACOS e todo un tráfico perverso que enreda a moita xente. Trinta mortos por heroína no que vai de ano en toda España; un de cada cincocentos españois cabalga nese "cabalo" tolo da heroína. Mais de trescentos mil millóns de pesetas de negocio para unha mafia da que a policía só detén un de cada 150 traficantes.

DOUS PARTIDOS QUE SE UNEN: o PSG (Partido socialista galego) e o EG (Esquerda Galega). Estes dous partidos nacionalistas decidiron fundirse nun, e próximamente terán o Congreso fundacional da nova asociación política. Xuntos enfiarán con máis forza as eleccións ó Parlamento galego que se avexían.

A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO ELIXIU RECTOR a Carlos Pajares. A ver se dunha vez por todas se converte en Universidade galega. Máis de 30.000 universitarios que se reparten nos Colexios Universitarios que hai nas distintas cidades, que son as que aportan máis estudantes galegos e moitos menos a Galicia rural e interior. Escasean os fillos de obreiros e labregos e cada vez máis os universitarios se desentenden das actividades políticas e culturais.



UNHA CASIÑA CON FLORES AO PÉ DA CARRETERA

Domingo quinto
despois da Pascoa

*Moita xente di:
"Quen me dera
unha casíña con flores
ao pé da carretera",
concentrando neso,
dunha maneira simple
tódolos desexos de felicidade.*

*Deus ofrécenos a todos
unha boa casa con flores
ao pé da carretera.*

*Unha casa adornada
coa gracia, co salero,
co carisma,
de cada un dos seus habitantes.*

*Unha casa aberta,
onde calquera
pode saír e entrar en liberdade;
sen chaves nin pechaduras,
para que todo sexa de todos,
sen reservas,
nin cotos privados,
nin armarios particulares.*

*Unha casa
ao pé da carrtera,
atenta ao ir e vir da xente,
para coller axiña o autobús
e ser un máis
nos lugares de loita e de festa.*

*Para chegar a esta casa
hai un camiño: Xesús.
Nesta casa reina unha verdade:
a verdade de Xesús.
Nesta casa respírase unha vida:
a vida de Xesús.*

XESUS CAMIÑO CARA AO PAI

Dixo Xesús:

— Non se conturben os vosos corazóns; crede en Deus e mais crede en min. Na casa do meu Pai hai moitas moradas; doutro xeito, ¿teríavos dito que ía amañarvos un lugar? E cando vaia e vos amañe un lugar, volverei e recollereivos connigo, para que, onde estea Eu, esteades vós tamén. E a onde Eu vou, vós sabedes o camiño.

Díxolle Tomás:

— Señor, non sabemos a onde vas; ¿como imos saber o camiño?

Xesús respondeulle:

— Eu son o camiño, a verdade, e a vida; ningún chega onda o Pai mais que por min. Se me conocerades, conoceríades tamén ao meu Pai; anque xa desde agora ó conocedes e o tendes visto.

Felipe díxolle:

— Señor, móstranos ao Pai, e abóndanos.

Xesús replicoulle:

— Felipe, ¿levo tanto tempo convosco, e aínda non me conoces? Quen me viu a min ten visto ao Pai. ¿Como dis entón "móstranos ao Pai"? ¿Non cres que Eu estou no Pai, e o Pai en min? As palabras que Eu vos digo non as falo pola miña conta; é o Pai, que permanece en min, quen fai as súas obras. Crédeme que Eu estou no Pai e o Pai en min. Se non, polo menos crede por esas mesmas obras. Con toda verdade volo aseguro: quen cre en min, fará el tamén as obras que Eu fago, e faraas meirandes aínda, pois estou para irme onda o Pai; e o que pidades no meu nome, heino facer, para que o Pai sexa glorificado no Fillo. Se algo me pedides no meu nome, Eu fareino.

(Xoán 14, 1-14)



TERRA E

PARA QUE SERVE O

A chegada da democracia, primeiro noutros países e agora recendo menos teórico, dos dereitos de tódolos cidadáns, senón unha serie de institucións ou figuras que creou a Constitución de 1978 para ve

A MISIÓN DO DEFENSOR DO POBO

A misión fundamental do Defensor do Pobo é a de supervisar e inspeccionar a Administración, é dicir, os organismos oficiais, facendo que se cumpran as leis e evitando que se cometan abusos.

A Constitución define no seu artigo 54 ó Defensor do Pobo como alto comisionado das Cortes Xerais, designado polas mesmas Cortes para a defensa dos dereitos humanos que poderá polo mesmo vixiar a actividade da Administración, dando conta as Cortes Xerais. O día 30 de decembro do 1982 foi elixido polo Congreso e o Senado o profesor **Joaquín Ruiz-Giménez**. Pero a súa escolla non quer dicir que estea atado a ningún mandamento nin que ningunha autoridade ou partido político lle diga o que ten que facer.

PODERES QUE TEN O DEFENSOR DO POBO

O Defensor do Pobo non é nin un xuez, nin un abogado de causas perdidas, nin un Ministro que poida solucionar o directamente os problemas da xente.

Tampouco é un teléfono da esperanza ou unha "Cáritas Española". O que a el lle aquece é facer de intermediario entre o cidadán que ve asoballados os seus dereitos e a Administración. O que o Defensor fai é investigar quen ten razón e logo decirlle á Administración o que debe facer.

Non ten ningún poder para resolver asuntos de tipo privado. Por iso non ten xeito acudir ó **Defensor do Pobo** para unha reña entre familiares, para pedir traballo, para solucionar un problema co dono dunha vivenda, para cuestión de herencias, etc. Para iso están os tribunais e a quen cómpre acudir é a un abogado.

Tampouco non pode actuar o Defensor cando o problema está pendente de xuício ou cando pasou máis dun ano desde o momento en que o interesado tivo coñecemento dos feitos que dan fe á súa queixa.

QUE HAI QUE FACER PARA PRESENTAR UNHA QUEIXA

Pódese acudir ó Defensor do Pobo cando un

ciudadán español ou extranxeiro acudir a Galicia con un organismo oficial, un organismo autónomo ou algún órgano de Galicia. É dicir a Xunta de Galicia.

Para iso presentará un escrito ou unha petición son outra cousa senón as formuladas ó Defensor. Teñen que ser feitas no territorio español polo Defensor do Pobo. Abonda con escríbelas para que os motivos da súa petición sexan atendidos. É dicir, a petición que se desexaría. **Péase a Constitución (nunca o orixinal)** dos dereitos afectados polos feitos. Pero non hai que presentar ningún outro requerimento. Está en Galicia, na **Calle del Pueblo**, calle Eduard

QUE FAI O DEFENSOR DO POBO EN GALICIA

Quen presentou a petición, por correo, un acuse de recibo. Se o Defensor estima a queixa como xustificada e que entra



XENTE



DEFENSOR DO POBO

centemente en España, trouxo consigo non só o recoñecemento, can-
erie de instrumentos ou mecanismos de defensa deses dereitos. Unha
elar polos nosos dereitos é o *Defensor do Pobo*.

anxeiro teña un problema
un Ministerio, un Axunta-
da Comunidade Autónoma,

unha queixa. As queixas non
reclamacións ou peticións
ódolos residentes en Galicia
poden dirixirse ó Defensor
tribir unha carta expoñendo
n e indicar cal sería a solu-
ese acompañar de copias
documentos que demostran
opñer ningunha póliza nin
carta diríxese a: **Defensor**
o Dato 31, Madrid -10 -.

DO POBO CANDO RECI-

rotesta recibirá ós poucos
de recibo con un número.
que se trata dunha queixa
dentro do seu campo de



competencias, comenará a investigar sobre a mes-
ma. Cada queixa é estudada con toda atención. Por
iso, ás veces, pediráselle ó reclamante maior informa-
ción. Entón o Defensor do Pobo ponse en relación co
organismo correspondente para que resolva o caso.

UN CASO CONCRETO

Escriben os veciños dun Concello pedíndolle
ó Defensor do Pobo que actúe porque o Axuntamen-
to cortoulles a auga por mor duns veciños que non
pagaran os recibos. O Defensor considerou que o
servicio de augas é un servicio mínimo e que o Axun-
tamento tiña outras maneiras de esixir o pago de
recibos. O Axuntamento aceptou a proposta do
Defensor e volveu a suministrar a auga.

QUE OUTRAS COUSAS PODE FACER O DEFEN- SOR PARA DEFENDER O POBO

Ademais do xa dito o Defensor do Pobo dará
conta ás Cortes Xerais da súa xestión, suxerirá ás mes-
mas as reformas lexislativas que considere máis urxen-
tes e ten a facultade de interpoñer recursos de amparo
contitucional e de inconstitucionalidade.

Ningún funcionario ou autoridade pode opoñer-
se a que realice unha investigación. Tódolos poderes
públicos están obrigados a colaborar co Defensor nas
súas investigacións. Caso de que se opuxesen o
Defensor pódese sancionar.

Non obstante o Defensor non pode dar publici-
dade ás súas xestións. Tódalas súas actuacións teñen
carácter reservado. Por iso todo o mundo pode es-
tar tranquilo: como ninguén se vai a enterar da quei-
xa, ninguén poderá exercer represalia por escribir ó
Defensor.

Como se ve é unha cousa moi sixeliña. Abonda
con escribir unha carta razonada ó *Defensor do Pobo*,
calle Eduardo Dato, 31, Madrid -10-.

Carlos Giner de Grado
(Do Gabinete de Prensa e Información
do "Defensor do Pobo")

PARABOLAS



"A LEONISA DO CADRAMON ATENDIA POR VOCACION MAIS ÓS DE FÓRA QUE QUE ÓS DE DENTRO"

Os dous encontros de Benino e da Leonisa, tanto o primeiro no galo da obra do Cadramón, coma o segundo no Campo dos Remedios polas feiras de San Lucas de Mondoñedo, pasaron coma auga de maio, deixando nos seus protagonistas só un recordo molciño de tempos mozos fuxidos e a expulsión dun estudante de crego ó que xa non lle reinaba moito e que, según algúns, se excede nos parrafeos.

Non volveron a verse máis. ¡Cousas da vida! Pero escribíronse. Escribíronse unha sóa carta, aquela tan emotiva orlada de pingas de tinta vermella esvaída polo paso dos anos.

Benino casara máis adiante coa María Manuela e tivo familia. En cambio a Leonisa chegou ós corenta e cinco sen casar e despois tampouco casou.

Aínda non cumprira os cincuenta e xa se dedicaba a dúas profesións ambas humanitarias, pero ben contradictorias; axudar a vir ó mundo ós que viñan por primeira vez a el e axudar a vestir, afeitar e amortallar ós que o deixaban para sempre.

Ben é certo que a segunda profesión ocupáballe moito máis tempo ca outra, pola sinxela razón de que xa daquela a maioría dos que debían vir ó mundo aquí viñan, se viñan, na emigración; mentres que os máis vellos seguro que morrían sós aquí onde deberan vivir acompañados. Polo visto, algún bruxo, ou algunha grea de bruxos, entretívose desde tempo inmemorial en poñer gonzos trucados ás potras de Galicia, de xeito que abren con toda facilidade para saír, pero con inmensa dificultade para poder volver a entrar.

Neste mester de compoñer ás xentes para a súa derradeira viaxe sen retorno, recorría desde Montouto deica Alaxe e Adelan. En anos de andacio ten botado meses sen vir á súa casa nin muda-la roupa, por aló por Recaré, Vilacampa, O Valadouro, Frixulfe, Santa Cruz...

Cando morreu súa nai, viuda desde había dez anos, pechouse a súa casa. Pechouna unha veciña e gardou a chave, porque a Leonisa estaba facendo mil esforzos para que outros alleos puidesen ir presentables e en estado de revista.

O mesmo andaba de noite pecha ca de día claro. Endexamais perdeu o rumbo na brétema. Dá cintura para baixo vestía roupa de home. e para riba usaba casaca recortada de traspaso. O pelo sempre recollido en piriquito dunha sóa restra.

No xustillo gardaba unha "Campogiro" de nove curto, agasallo dun guardia de asalto en paga de que lle deixase a seu pai mesmamente coma se estivera prácidamente durmindo.

Endexamais pensou ter que facer uso da "campogiro". Pero tivo que facelo unha noite de lúa chea.

Xa vos contarei.

MAIO FLORIDO

Xa chegaron as calores e mesmo a xente foi á praia. Agora estamos en maio, chamado florido: o mes das flores. Xa sabes que a Igrexa o adica á Virxe María. O que quizais non teña tan claro moita xente é que este mes estaba adicado a unha deusa pagana, Afrodita, deusa grega do amor, correspondente á Venus latina. Toda moeda ten dúas caras.

¿Sabe-lo que é un maio? Pois un pau alto e adornado que se chanta en moitos sitios o día primeiro deste mes na praza pública: semella unha árbore. Pero as árbores, para os antigos, eran coma nais: símbolos femininos da fecundidade, da maternidade, porque dan froitos, fillos.

Isto quere dicir que o maio é un símbolo sexual feminino. Por iso este mes era adicado á deusa do amor, Afrodita. E por iso tamén -a outra cara da moeda-, a Igrexa reaccionou contra os excesos de culto ó sexo cunha especie de "anti-afrodisíaco".

A cousa está clara: coa primavera e, especialmente por maio, a vida enteira ponse a brincar. Moitas civilizacións empezaban o ano por este tempo, de acordo co ritmo da vexetación: prantas, animais e humanos entran en trance vital, agroman.

Pero nós somos fillos dunha cultura que reprime bastante a cuestión do sexo e a orixe da vida. Atopámonos incómodos ante este feito, sobre

todo cando afecta ó noso corpo. Non nos sentimos moi capacitados para expresar este misterio da nosa sexualidade, e menos de transmitilo por vía de educación infantil.

E a iso quería ir hoxe: ¿cantos de nós fomos capaces de adiantarnos ás preguntas dos nosos fillos ou dos nenos en xeral, sobre a orixe da vida e sobre os fenómenos que deitan do noso corpo e do noso corazón?

Incluso: ¿algunha vez tivémo-la fortuna de escoitar ou ler unha boa explicación sobre a sexualidade que nos liberase do falso pudor e que nos axudase a comprendernos mellor?

Sería ben irmos á procura dun bo libro que nos axude a aclarar, para nós e para os nenos, o que sucede na natureza cando chega maio florido, para poder vivir estes fenómenos con luz e claridade, sen escuridades nin culpabilidades.



CANTAR DO IRINEGO

*¿Ves afeitar ó veciño?
- di o refrán que hoxe collo -,
procura axiña poñer
as túas barbas a remollo*

*Eleccións en Cataluña
deron o triunfo á dereita;
PSOE en segundo posto
mentres a esquerda apeita.*

*Coma en Euskadi en febreiro,
dereita nacionalista,
mentres en Galicia manda
a dereita centralista.*

*Aínda que pareza o mesmo
haivos moita diferenza:
quédannos anos de loita,
toneladas de paciencia.*

*E non é que en Cataluña
todo vaia vento en popa,
pero son catalanistas
e aquilo xa é Europa.*

*Aquí a dereita e centro
son dominio de cacique:
galegos de nacemento,
galeguistas "de palique".*

A FALA É CAMIÑO

¿VALE O NOSO GALEGO?

Poida que che suceda unha cousa: resulta que levas falando galego toda a vida, camiñando en galego, e agora vén un paisano dicíndoche que "a fala é camiño" e outras andrómenas; e vai resultar que ti, que mamaches galego, seica es un paralítico da lingua porque non andas ó son que che marcan estes galeguistas de vila e de hai tres días.

Se todo isto che alpori-

za, tes moitísima razón. Porque o galego que fala a xente e moi válido; incluso máis: é case o único que existe con vida propia. ¡Oxalá todos soubésemos falar tan ben como fala a xente sobre todo no mundo rural e tivesemos tan bo acento coma eles!

O que sucede son dúas cousas; unha, que non temos máis remedio que atopar un galego común para todos, por

riba das diferencias dos diversos lugares e zonas; a outra é que, ademais dese galego coloquial ou familiar, de andar pola casa, e que en xeral é moi bo, temos que ir cultivando outro tipo de fala máis "académica", como sucede con tódolos idiomas. E tamén ir limpando o noso idioma de influxos de fóra que, por culpa do noso sentimento de inferioridade, foron destragando un pouco a nosa fala.

EDITA: "Asociación IRIMIA"

DIRECTOR: Victorino Pérez Prieto, Lagoa-Abadín (Lugo)

RESPONSABLES: Alfonso Blanco Torrado, Manolo Regal, Xosé-Antón Miguélez,

Xosé-Manuel Carballo, Daniel López Muñoz, Pepe Chao e outros colaboradores

EDICION e DISTRIBUCION: Mosteiro de Sobrado dos Monxes (Coruña).

PEDIDOS e ADMINISTRACION: Apdo. 5, Villalba (Lugo). Tno. 982-510487

Conta na Caixa de Aforros de Villalba, n. 04950/0

DEPOSITO LEGAL: C-1417-81

PRECIO: TRES PESOS